

EN

(RE)

TORNO

À PAISAXE

doce olladas contemporáneas sobre o(s) territorio(s)



PAISAXE COMO EXPERIENCIA DO REAL.

Paisaxes percorridas. Paisaxes intanxibles. Paisaxes vividas.

Paisaxes lembradas, esquecidas. Paisaxes soñadas.

Diferentes modos de construír e deconstruír o territorio, o lugar. Miradas diverxentes sobre a natureza, o urbano, o real e o artificio. O emocional.

Esta exposición recolle diferentes maneiras de achegarse a un dos xéneros <clásicos> da historia da arte dende a arte contemporánea, dende a postmodernidade. Coas tempestades románticas na retina e a luz impresionista no legado, 12 artistas ofrécennos a súa visión sobre un retorno cara a paisaxe, un reencontro, unha sorte de complexidade que abarca conceptos como tempo, espazo, memoria e vínculo.

O silencio. A ausencia. O atemporal. Poesías visuais, paisaxes invisibles. A mirada do artista solemniza o banal, o cotiá, provoca a fala daquelas cousas que parecen non contar. A carencia e o irrelevante convértense en algo máxico, para ollar na escena natural, o prodixioso.

Carla Andrade amósanos o baleiro como materia dúctil para construír a paisaxe, a ausencia como reveladora das formas da natureza. O individuo contempla quedo, na súa intimidade (e na nosa), o movemento dunha paisaxe cambiante, viva, na obra de **Lois Patiño**. En **Vari Caramés** ollamos a viaxe, o paseo e o relato que provoca en nós o recordo dunha escena. A paisaxe percorrida tamén é o miolo da obra de **Pamen Pereira** que impregna con fume o papel para debuxar unha cartografía emocional, a súa paisaxe vivida na Antártida. **Iago Eireos** propón unha instalación con pranchas de aceiro onde a paisaxe é sonora, e sucédese nos golpes do ferro contra estas. Sobre unha escada de madeira, **Carme Nogueira** relata a memoria social do lugar ante o lago de Lietzensee, nesta peza contextual e performática, mentres que **Manuel Sendón** pon o seu obxectivo fotográfico sobre a irracionalidade construtiva galega, que inxire na súa paisaxe esas "ruínas" contemporáneas, esas casas que non foron, a medio erguer, apenas estruturas, froito do estalido da crise económica e da burbulla inmobiliaria. Unha visión crítica cara a degradación da nosa natureza é reflectida pola instalación site-specific de **Ruth Montiel Arias**, que toma como xerme o fenómeno dos *chemtrails* (estelas de gases químicos que dende os ceos están a

contaminar o noso chan). Dun ceo nocturno, emerxe unha instalación téxtil de **Sara Coleman** que inverte o volume da cúpula, nunha amalgama de fíos reflectantes que debuxan unha sorte de cumio incandescente. Ata 50 insectos amoréanse na obra de **Elena Fernández Prada**, que presenta unha compilación natural, preciosista e barroca, que nos lembra aos antigos tratados científicos. A natureza emerxe da parede na obra de **Jorge Perianes**, inxeríndose na sala expositiva, perfilando un territorio e adaptándose a un novo hábitat. Mentres **Sheila Pazos** diseña unha paisaxe portátil, unha natureza téxtil para levar, na súa última colección de moda inspirada na súa Suíza natal.

Vídeo, fotografía, pintura, escultura, debuxo e instalación recollen un espazo vivo, conxelan estímulos que cambian ao mesmo ritmo que a nosa percepción. A nosa relación con/ante/para/por a paisaxe imprégnao de significados, pequenos vínculos intrínsecos que modifican o noso modo de ver. Depositamos memorias. Confiamos. A contemplación tórnase estado, e o sublime tórnase experiencia estética.

Somos a paisaxe.

[comisaria: Paula Cabaleiro]

EN (RE)TORNO Á PAISAXE

Igrexa da Universidade · Santiago de Compostela

(Praza da Universidade s/n 15703)


23 de abril < 31 de maio 2015

Inauguración: 23 de abril ás 20.00h (coa actuación ao violín de Iria A de Constanza)

CARLA ANDRADE · VARI CARAMÉS · SARA COLEMAN · IAGO EIREOS · ELENA FERNÁNDEZ PRADA · RUTH MONTIEL ARIAS · CARME NOGUEIRA · LOIS PATIÑO SHEILA PAZOS · PAMEN PEREIRA · JORGE PERIANES · MANUEL SENDÓN

Colaboran: USC, Concello de Santiago de Compostela, Galería Trinta, La New Gallery, Galería AdHoc, Máster de Patrimonio da USC.


CARLA ANDRADE | 1983, Vigo



VARI CARAMÉS | 1953, Ferrol



SARA COLEMAN | 1980, Cabanas - A Coruña



IAGO EIREOS | 1980, Lugo




ELENA FERNÁNDEZ PRADA | 1971, León



RUTH MONTIEL ARIAS | 1977, Palmeira - A Coruña



CARME NOGUEIRA | 1970, Vigo



LOIS PATIÑO | 1983, Vigo



PAMEN PEREIRA | 1963, Ferrol



SHEILA PAZOS | 1986, Ginebra (Suíza)



JORGE PERIANES | 1974, Ourense



MANUEL SENDÓN | 1951, A Coruña





EN

(RE)

TORNO

À PAISAXE

doce olladas contemporáneas sobre o(s) territorio(s)